

# **ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS - BETANZOS**

<http://www.marinabetanzos.org> ; [info@marinabetanzos.org](mailto:info@marinabetanzos.org);

Tlfno. 981 669 541

## **ACTA ACORDO ONLINE DE XUNTA DIRECTIVA.**

Acta de Acordo online da Xunta Directiva da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, do venres 23 de decembro de 2016, e coa seguinte Orde do día:

1. RESOLUCIÓN DE AGADER. SINATURA DO CONVENIO.
2. RESOLUCIÓN XERENCIA LEADER E LANZAMENTO CONTRATACIÓN EQUIPO TÉCNICO.
3. ENVÍO D.N.I. MEMBROS XUNTA DIRECTIVA.

O correo electrónico tense enviado a todos/as os/as membros da Xunta Directiva da Asociación Mariñas-Betanzos.

## **DESTINATARIOS:**

- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, ANPAS* (Asociación Vedoreira).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. José Domiro Garrote Martín, en representación da *Mesa sectorial da pesca, marisqueo, acuicultura e desenvolvemento do litoral* (G.A.L.P. Golfo Ártabro Sur)
- Dna. Catalina Rodríguez Rodríguez, en representación da *Mesa de Asociacións e colectivos de Mulleres*. (Amfar – Cambre).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- D. Andrés Rodríguez Pereira, en representación da *Mesa sectorial de asociacións e colectivos medioambientais e mozos* (Grupo Naturalista Hábitat).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONGD* (ASPANAES).
- D.Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONGD* (ASPACE).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira* (Asociación sectorial de viticultores e adegueiros de Betanzos e comarca).
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.

- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. Antonio Ángel Fraga Sánchez, Tenente-Alcalde do Concello de Curtis, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa do Concello de Bergondo en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da Mesa sectorial das Administracións Locais.
- D. Carlos Vales Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental Galicia –CEIDA-).
- D. Xosé Lois Suárez Becerra, Concelleiro de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente do Concello de Sada, en representación da mesa sectorial das Administracións Locais.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Benito García Sánchez, en representación da *mesa do sector Agrario, Gandeiro Forestal e da Madeira* (Asociación Provincial da Industria de 1ª Transformación de A Coruña).
- Dna. Patricia Amado Varela, Concelleira de Promoción e Desenvolvemento do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Roxín Roxal).
- D. Juan Manuel Neira Fernández, en representación da *Mesa do sector institucional* (Sociedade Galega de Historia Natural).

Ante a dificultade de atopar unha data para convocar á Xunta Directiva, se traslada a través do correo electrónico información sobre:

### **1.- Resolución de AGADER. Sinatura do Convenio.**

Segundo Acordo do Consello de Dirección da AGADER, do 16 de novembro de 2016, apróbase a selección da estratexia de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidade colaborada na xestión da medida Leader de Galicia, presentada pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos.

A asignación inicial de fondos para o GDR Mariñas-Betanzos é de 3.151.797,23 € (entre 2017 e 2020).

O convenio con AGADER, para a execución da medida Leader, tense asinado o martes 13 de decembro de 2016.

Está pendente de Agader a publicación do Réxime de xestión de axudas, aínda que previsiblemente será no vindeiro mes de xaneiro cando poida abrirse o prazo para solicitudes de axuda LEADER.

## **2.- Resolución Xerencia LEADER e lanzamento contratación equipo técnico.**

Tras a realización das probas de selección de persoal para o posto de Xerencia, para a xestión da medida Leader de Galicia (2014-2020), o candidato con maior puntuación resultou Jorge M. Blanco Ballón, polo que se informa do inicio do seu contrato de traballo.

Por outra banda, tense proposto o inicio do proceso de selección do restante persoal do equipo técnico:

- Técnico/a de proxectos.
- Administrativo/a.

Xúntase bases de contratación para a súa revisión, quedando aprobadas ao non presentarse alegacións "vía correo electrónico".

Agader tamén da o visto bo ás bases reguladoras, aínda que propón a eliminación do tema 9 en adiante, respecto do temario obxecto da proba de coñecementos.

Por outra banda, se solicita unha fotocopia do DNI de todos os membros da Xunta Directiva.

En Abegondo, a 23 de decembro de 2016

A Secretaria  
Asdo.: Dna. Catalina Rodríguez Rodríguez

Vº e praxe o Presidente  
Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes